

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*EXTRACTO da Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017.*

BDNS (Identif.): 338244.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Grupo I. Xeotermia.

Entidades beneficiarias
Administración local
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións
Axudas a persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro

Grupo II. Aerotermia.

Entidades beneficiarias
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro

Grupo III. Solar térmica.

Entidades beneficiarias
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro

Grupo IV. Aerotermia e solar térmica (Administración).

Entidades beneficiarias
Administración pública autonómica e local



**Segundo. Obxecto**

1. Aprobar as bases reguladoras das subvencións destinadas ás zonas rurais, para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, para o exercicio 2017, que se xuntan a esta resolución como anexo I.

2. Aprobar os formularios para a xestión da convocatoria do ano 2017 que se xuntan a esta resolución como anexos II a VI.

3. Convocar para o ano 2017, en réxime de concorrencia competitiva, segundo o disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións dirixidas á mellora dos servizos básicos e renovación da poboación nas zonas rurais para proxectos de enerxías renovables.

**Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria**

Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017.

**Cuarto. Contía**

1. A dotación máxima para financiar esta convocatoria é de 1.380.000 €, que se distribuirá do seguinte xeito:

MEDIDA 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético	Anualidade 2017	Aplicación orzamentaria
<b>Xeotermia:</b>	780.000 €	
Axudas a concellos	100.000	09.A2.733A.760.2
Axudas a empresas	280.000	09.A2.733A.770.2
Axudas a persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	400.000	09.A2.733A.782.0
<b>Aerotermia e solar térmica:</b>	600.000 €	
Axudas á Administración xeral da Comunidade Autónoma	50.000	09.A2.733A.714.1
Axudas a concellos	100.000	09.A2.733A.760.3
Axudas a empresas	250.000	09.A2.733A.770.3
Axudas a persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	200.000	09.A2.733A.782.1
<b>Total</b>	1.380.000 €	



2. Este crédito está financiado con fondos do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, que ascende a 1.380.000 €, dos cales o 75 % procede do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da medida 7, Actuacións dirixidas á mellora dos servizos básicos e renovación de poboación nas zonas rurais, e da submedida 2, Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético, o 7,50 % procede dos orzamentos xerais do Estado e o 17,50 %, dos orzamentos da Comunidade Autónoma.

4. O crédito máximo, segundo o tipo de beneficiario e tecnoloxía, será o seguinte:

Grupo I: Xeotermia.

Entidades beneficiarias	Orzamento
Administración local	100.000 €
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	280.000 €
Axudas a persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	400.000 €
Total	780.000 €

Grupo II. Aerotermia.

Entidades beneficiarias	Orzamento
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	175.000 €
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	150.000 €
Total	325.000 €

Grupo III. Solar térmica.

Entidades beneficiarias	Orzamento
Pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións	75.000 €
Persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro	50.000 €
Total	125.000 €

Grupo IV. Aerotermia e solar térmica (Administración).

Entidades beneficiarias	Orzamento
Administración pública autonómica e local	150.000 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse segundo o modelo do anexo II desta resolución, xunto coa documentación que se indica nas bases reguladoras. O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación das presentes bases no *Diario Oficial de Galicia*.



Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

